

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS. 3 lotes (CEIP Fermín Bouza Brey, CEIP Nosa Sra. Dos Remedios e CEIP Mestre Ramiro Sabell) Expte. 1718/2022** (Xustificación de ofertas temerarias e estudo do informe sobre a súa viabilidade )

Na Casa do Concello, ás 9:35 horas do día 17 de febreiro de 2023, reúnen os membros compoñentes da Mesa de Contratación para a adxudicación do SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS. 3 lotes (CEIP Nosa Sra. dos Remedios, CEIP Fermín Bouza Brey e CEIP Mestre Ramiro Sabell), integrada por:

Presidenta: Yolanda Carballido Martínez administrativo da unidade de Contratación.

Secretaria: Angelina Carrera Márquez, auxiliar administrativo de Secretaría.  
Vogais: Carlos López Quintáns, secretario municipal; Ana María Rial Acosta, interventora municipal e María Teresa Carrera Costal, auxiliar administrativo da Oficina Técnica municipal segundo o disposto na Resolución da Alcaldía nº 2022/2454 do 16 de decembro de 2022.

O obxecto desta Mesa é proceder, en acto non público, ao estudo do informe emitido con data 15 de febreiro de 2023 polo Secretario municipal, respecto da xustificación da anormalidade para o LOTE 3 das ofertas presentadas polas empresas LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L, e, CLN INCORPORA S.L.

Indícase que a Mesa, o pasado 20 de xaneiro, acordou requirirle a LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L, e, CLN INCORPORA S.L. un informe xustificativo do baixo nivel do prezo ofertado e do prezo da hora por servizos extraordinarios, respectivamente.

Ditas empresas presentaron, dentro do prazo concedido, as súas xustificacións que foron estudadas polo Secretario municipal, con data 15 de febreiro de 2023, e cuxo literal di:

“Emítase o presente informe a requirimento da mesa de contratación e de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares; co obxecto de supervisar as xustificacións aportadas por LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRALES DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L. e CLN INCORPORA S.L. ao incorrer as súas oferta en presunta anormalidade.

Antecedentes

Sesión celebrada pola mesa de contratación o día 20 de xaneiro de 2023 en relación co procedemento de licitación para contratación do servizo de limpeza de colexios (3 lotes: CEIP Fermín Bouza Brey, CEIP Nosa Sra. Dos Remedios e CEIP Mestre Ramiro Sabell).

LOTE 1. CEIP Fermín Bouza Brey.....	64.704,00 euros
LOTE 2 CEIP Nosa Sra. dos Remedios.....	48.528,00 euros
LOTE 3 CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera.....	56.616,00 euros.

Na sesión procedeuse á apertura dos sobres A e B, este último coas ofertas económicas.



Unha vez abertos os sobres coas ofertas presentadas polos licitadores comprobouse respecto do LOTE 3 (limpeza do CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera,) a existencia de anormalidade das seguintes ofertas e acordouse:

- Requirir a CLN INCORPORA S.L, para que xustificase de xeito desagregado razoadamente e co maior detalle posible o baixo nivel do prezo da hora por servizos extraordinarios ofertado (0,01 euros).
- Requirir a LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRALES DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L para que xustificase de xeito desagregado razoadamente e co maior detalle posible do baixo nivel do prezo ofertado (41.490 euros anuais).

### FUNDAMENTOS E ANÁLISE DA VIABILIDADE DAS OFERTAS

En primeiro lugar convén advertir que é criterio do Tribunal Central de Recursos Contractuais (entre outras, Resolución nº 1147/2018 de 17 de decembro), que a xustificación das ofertas que incorran en temeridade debe estar desagregada e detallada, sen que se requira unha concreta acreditación de cada un dos extremos alegados. A xustificación deberá versar sobre aquelas condicións da oferta que determinan o baixo prezo ou os baixos custos da mesma. Analizarase que os custes cobren os salarios dos traballadores, tendo en conta o convenio sectorial de aplicación. O procedemento debe estar dirixido a destruír a presunción de anormalidade xerada pola aplicación dos parámetros obxectivos establecidos no PCAP e a explicar de forma satisfactoria o baixo nivel de prezo ou custos propostos. Comprobarase que non hai inconsistencias, nin contradicións.

**LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS S.L.** argumenta que na súa condición de Centro Especial de Emprego certificado pola Xunta de Galicia conta cun conxunto de axudas públicas derivadas do carácter específico da súa actividade económica e do forte compromiso coa contratación de persoas con discapacidade. Enumera e achega xustificación das principais axudas públicas recibidas nos tres últimos anos:

- Subvención plurianual do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia.
- Subvención do 100% das cotas empresariais á Seguridade Social, incluídas as de traballo e enfermidade profesional conforme a Lei 43/2006, do 29 de decembro.
- Subvención dos Custos Salariais e da Seguridade Social do persoal técnico que forma as unidades de apoio.

Detalla como afectaron as axudas nas contas anuais do Centro Especial de Emprego respecto ao volume de gastos de persoal e achega motivación suficiente dos aforros de custes de persoal estimados para este contrato, que ascenden a un 32,82%.

Á vista da xustificación achegada, consideramos que a oferta económica é viable e non incorre en anormalidade.

**CLN INCORPORA** argumenta que ten a consideración de Centro Especial de Emprego na provincia de Pontevedra e por iso goza de determinados beneficios



que lle confire tal consideración, entre outros a bonificación do cento por cento das cotas de Seguridade Social e a subvención aos salarios dos seus traballadores con certificado de discapacidade de polo menos o 33%.

Achega estudo de custes en cómputo anual e en relación co persoal a subrogar. Os salarios a percibir polo persoal calcúlanse tendo en conta o XV Convenio colectivo xeneral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade para o período 2019-2021, BOE-A-2019-9974, aplicando a táboa salarial en función da xornada, antigüidade e categoría previstas para a execución do contrato. Ademais, en ausencia de convenio para o período de vixencia previsto do contrato deste servizo, 2023-2027, estimouse por esta empresa un incremento medio anual de salarios e seguridade social dun 3,00%. Tivéronse en conta as actuais cotas de seguridade social aplicables e os importes unitarios por traballador en concepto de Vixilancia da Saúde.

Argumenta que contabilizaron 3 persoas con Diversidade Funcional e con certificado de discapacidade superior ao 33%. Por iso ao amparo do establecido na lei 43/2006, do 29 de decembro, tívose en conta o aforro do 100% da cota de seguridade social correspondente. Así mesmo contabilizáronse máis de 20.000 euros anuais correspondentes ás subvencións ás que esta empresa ten dereito pola súa condición de Centro Especial de Emprego.

Estimouse un custo de 965,00 euros anuais para a bolsa de 100 horas anuais gratuítas ofertada, a razón de 9,65 euros hora do persoal destinado á cobertura destas continxencias. Para o cálculo deste custo tivéronse en conta as bonificacións do 100% das cotas empresariais de seguridade social por ser traballadores con Diversidade Funcional e en posesión de certificado de minusvalía de grao superior ao 33%.

Tiveron en conta uns gastos razoables en subministración, colocación e mantemento de aparellos de hixiene, paragüeiros, químicos e deterxentes, materiais de limpeza e subministración de celulosas.

Xustifican que o custo medio da hora para a empresa, do posible servizo solicitado polo Concello como servizo extra, facturado ao importe de 0,01€/h ascende a 9,64€/h, sendo asumible pola empresa dado que o beneficio anual da oferta realizada alcanza unha porcentaxe que supera o 38% e o custo dunha solicitude dun servizo extra, equivalente á bolsa de horas do concurso doutras 100 h/ano, ascende tan só 1,8% anual do orzamento, necesitando a formulación un aumento do 50% do servizo anual para incorrer en custo non soportado polo B.A.I.

Achegan cadro explicativo desagregado por traballadores, cos custes estimados, con indicación dúas custes resultantes con subvención e sen subvención. En ambos os supostos a oferta é sostible.

Á vista da xustificación achegada, consideramos que a oferta económica é viable e non incorre en anormalidade.

### **CONCLUSIÓNS:**

As ofertas realizadas por CLN INCORPORA S.L, e LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRALES DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L. son viables.”.

Á vista do exposto no informe do Secretario, a Mesa móstrase conforme e acéptao ao considerar as ofertas xustificadas e viables.



Finalmente a Mesa outorga as seguintes puntuacións conforme aos criterios sinalados no Prego de Clausulas, para o Lote 3 (CEIP Mestre Ramiro Sabell)

LICITADORES	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	PTOS	HORAS EXTRAORDINARIAS (máx. 100)	PTOS	PREZO HORA EXTRA	PTOS	PUNTOS TOTAIS
CLN INCORPORA S.L	53524,02	31,01	100	30	0,01	15	76,01
LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L	41490	40,00	100	30	6	0,03	70,03
ACEESCA EMPREGO S.L	45850	36,20	100	30	5,5	0,03	66,22
COMBINA SOCIAL S.L	49497,6	33,53	100	30	8,35	0,02	63,55
OSGA S.L	50300,55	32,99	100	30	8,93	0,02	63,01
NORINTEGRA S.L	53406,94	31,07	100	30	11,15	0,01	61,09

Á vista das puntuacións acadadas a Mesa, por unanimidade a favor dos membros asistentes, PROPÓN ao órgano de contratación a adxudicación do LOTE 3, limpeza do CEIP Mestre Ramiro Sabell, a favor da empresa **CLN INCORPORA S.L**, con CIF B33978487 e conforme coa súa proposta (prezo: 53.524,02 euros , IVE excluído; 100 horas extraordinarias, sen custo para o Concello de limpeza para o desenvolvemento e atención de tarefas extraordinarias ou especiais; e 0,01 euros prezo da hora para os servizos extraordinarios) e previa presentación de:

- **Documento de garantía definitiva por contía de 2.676,20 €** [5% do de adxudicación do lote, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido] por calquera das formas recollidas no punto 14 de prego de cláusulas administrativas particulares, debendo figurar no documento acreditativo o nº de expediente da licitación correspondente e o nome da mesma, así como:

**Avais e seguros de caución orixinais en papel:** só poden presentarse por \_\_\_\_\_ persoas \_\_\_\_\_ que non estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa administración. Serán depositados \_\_\_\_\_ na \_\_\_\_\_ tesourería \_\_\_\_\_ orixinal. Pode presentalos a persoa avalada ou a entidade avalista. Terán que vir acompañados \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ escritura \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ poderes, \_\_\_\_\_ salvo \_\_\_\_\_ que:

- conste no propio documento que foi bastantado por unha administración pública dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación do aval, En calquera caso, terá que achegar declaración responsable da apoderada de que os poderes non foron revocados.



**Avais e seguros de caución electrónicos** (admítense diferentes opcións):

a) Non será necesario que presenten nada máis que o documento do propio aval ou seguro de caución cando este veña asinado electronicamente pola persoa apoderada/representante da entidade avalista e conste no propio documento que foi bastantado por unha administración pública dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación do aval.

b) Se o documento non está bastantado dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación do aval, será necesario que presenten os poderes a bastantado que realizará o secretario municipal, agás que o aval sexa presentado pola propia entidade avalista (sinatura do apoderado).

No caso de que non sexa presentado pola entidade avalista, terán que vir acompañados de declaración responsable da apoderada de que os poderes non foron revocados.

c) Se o documento non está bastantado, terá que achegarse escritura de poderes e declaración responsable da apoderada de que os poderes non foron revocados. Será emitido bastantado por parte do secretario municipal.

**Si o licitador, realízase o ingreso da garantía en efectivo**, deberá solicitalo previamente a través do correo electrónico [contratacion@ponteareas.es](mailto:contratacion@ponteareas.es), indicando o nº de expediente da licitación e o nome da mesma.

E cando son as 9:40 horas, dáse rematado este acto do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.

